

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica deberá ser única por paciente:

- A) No ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
- B) No Servizo Galego de Saúde.
- C) En todo o Sistema Nacional de Saúde.
- D) Polo menos en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.

2. Na Constitución Española, un dos seguintes dereitos non é un dereito fundamental:

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) O dereito de asociación.
- C) O dereito á tutela xudicial efectiva.
- D) O dereito de petición.

3. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal estatutario que se atopa na situación de servizos especiais:

- A) Unicamente ten dereito ao cómputo de tempo a efectos de antigüidade.
- B) Ten dereito ao cómputo de tempo a efectos de antigüidade e carreira.
- C) Unicamente ten dereito á reserva da súa praza de orixe.
- D) Non ten dereito á reserva da súa praza de orixe.

4. No que fai referencia á Saúde Mental, na Lei Xeral de Sanidade se promove:

- A) A atención aos problemas de saúde mental da poboación no ámbito comunitario e nivel ambulatorio.
- B) A atención aos problemas de saúde mental no ámbito hospitalario.
- C) A atención aos problemas de saúde mental en centros psiquiátricos especiais.
- D) A atención aos problemas de saúde mental non precisará de coordinación cos servizos sociais.

5. Segundo recolle o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, as sancións impostas por faltas moi graves ao persoal estatutario prescriben:

- A) Ao 5 anos.
- B) Aos 4 anos.
- C) Aos 3 anos.
- D) Aos 2 anos.

6. Na actual redacción da Ley de Saúde de Galicia:

- A) O Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase territorialmente en áreas sanitarias articuladas no Mapa sanitario de Galicia, que será definido regulamentariamente.
- B) O Sistema público de saúde de Galicia ordénase territorialmente en áreas sanitarias, equivalentes ás áreas de saúde previstas na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeneral de sanidade, en distritos sanitarios e en zonas sanitarias.
- C) O Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase territorialmente en zonas sanitarias articuladas no Mapa sanitario de Galicia, que será definido regulamentariamente.
- D) O Sistema Público de Galicia estrutúrase territorialmente en Xerencias de Xestión Integradas.

7. A proposta de reforma do Estatuo de Autonomía de Galicia esixe, segundo o seu artigo 56:

- A) A aprobación do Parlamento galego por maioría de dous terzos, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e referendo positivo dos electores.
- B) A aprobación do Parlamento galego por maioría de tres quintos, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e finalmente referendo positivo dos electores.
- C) A aprobación do Parlamento galego por maioría absoluta, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e finalmente referendo positivo dos electores.
- D) A aprobación do Parlamento galego por maioría de dous terzos e a aprobación das Cortes Xerais mediante lei ordinaria.

8. A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, en relación coas categorías especiais de datos , establece:

- A) O só consentimento do afectado non bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, relixión, orientación sexual, crenzas ou rexen racial ou étnico.
- B) O só consentimento do afectado bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, relixión, orientación sexual, crenzas ou rexen racial ou étnico.
- C) Será necesaria unha resolución expresa da Axencia Española de Protección de Datos para o manexo de datos de categoría especial.
- D) En ningún caso se poderán tratar este tipo de datos.

9. Ás Administracións públicas competentes en materia sanitaria, segundo a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, corresponderalles:

- A) Garantir que os traballadores reciban unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva.
- B) Avaliación inicial dos riscos para a seguridade e saúde dos traballadores.
- C) A elaboración e divulgación de estudos, investigacións e estatísticas relacionados coa saúde dos traballadores.
- D) Adoptar as medidas necesarias co fin de que os equipos de traballo sexan adecuados para o traballo que deba realizarse e convenientemente adaptados para ese efecto, de forma que garantan a seguridade e a saúde dos traballadores ao utilízalos.

10. O persoal estatutario que se atopa en situación de excedencia voluntaria pode participar nun concurso de traslados?:

- A) Non, en ningún caso.
- B) Si, en todo caso.
- C) Si, se reúne os requisitos para incorporarse ao servizo activo o primeiro día do prazo de presentación de instancias.
- D) Si, se reúne os requisitos para incorporarse ao servizo activo o último día do prazo de presentación de instancias.

Preguntas de reserva

1. Segundo recolle o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, Cal das seguintes materias non ten que ser obxecto de negociación nas mesas de negociación do persoal estatutario?

- A) O réxime de permisos e licenzas.
- B) Os plans de acción social.
- C) Os sistemas de carreira profesional.
- D) As decisións da Administración Pública que afecten o exercicio de dereitos polos cidadáns.

2. Na actual redacción da Lei de Saúde de Galicia Cantos distritos sanitarios configúranse no Sistema público de saúde de Galicia?

- A) 8 distritos sanitarios.
- B) 4 distritos sanitarios.
- C) 14 distritos sanitarios.
- D) 7 distritos sanitarios.

